

ANEXO III

Ref. convocatoria: 2024/CP/318

CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Referencia axuda: TSI-100925-2023-1 Compoñente 16 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Estratexia Nacional de Intelixencia Artificial. Eixo estratéxico 2 de actuación da ENIA «Promover o desenvolvemento de capacidades dixitais, potenciar o talento nacional e atraer o talento global». Medida 9 «Promover unha maior oferta formativa en Formación Profesional e universitaria orientada á IA». BDNS: 653587.

Título: Cátedra UDC-Inditex de Inteligencia Artificial en Algoritmos Verdes

Liña de investigación / Servizos científico-técnicos: Servizos de apoio á administración

PERÍODO AXUDA: INICIO: 01/01/2024 FIN: 31/12/2026

CENTRO Inv. Principal: CITIC

OBJECTO DO CONTRATO:

Colaborador/a nas tarefas do (proxecto/convenio) de investigación que se indica.

LUGAR E HORARIO: CITIC. De luns a venres, de 10:00 a 14:00 (20 h/semana)

GRUPO DE COTIZACIÓN NO RÉXIME XERAL DA SEGURIDADE SOCIAL: Grupo 1

CATEGORÍA PROFESIONAL *(ACORDO DO 17 DE NOVEMBRO DE 2014 SOBRE O PERSOAL CONTRATADO CON CARGO AO CAPÍTULO VI DOS ORZAMENTOS DA UDC)

Investigador/a asociado/a Investigador/a en formación * Require matrícula programa doutoramento SUG

Técnico/a de apoio á investigación Axudante de apoio á investigación

Técnico/a administrativo/a Axudante administrativo/a

XORNADA Tempo Completo: Tempo Parcial: DATA APROX. INICIO CONTRATO: 16/01/2025

TIPO DE CONTRATO: Indefinido Duración determinada DATA FIN CONTRATO: 31/12/2025

RETRIBUCIÓN BRUTAS : 1050€/mes

PARTIDA ORZAMENTARIA: 0599 541A 6490206, código MUS 00967

* O pagamento da retribución realizarase en 12 mensualidades (inclúese en cada mensualidade a parte proporcional da paga extraordinaria correspondente)

REQUISITOS

TITULACIÓN: Titulación universitaria superior recoñecida en España (enxeñería, licenciatura, grao).

REQUISITOS: Os requisitos descritos na MEMORIA anexa deben terse cumprido no momento de finalizar o prazo de presentación de solicitudes.

LUGAR DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

LUGAR: Sede electrónica da UDC.

Dirixidas á Vicerreitoría de Investigación e Transferencia, coa **Referencia da convocatoria**.

PRAZO: 5 días hábiles a partir do día seguinte ao da publicación no taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

ÓRGANO DE SELECCIÓN E PUBLICACIÓN RESOLUCIÓN

COMISIÓN DE SELECCIÓN (mínimo tres titulares e tres suplentes): Comisión formada pola responsable do proxecto Verónica Bolón Canedo (Presidenta, Profesora titular de Universidade) e outros membros do equipo de investigación Susana Ladra González (Profesora Titular de Universidade), Bertha Guijarro Berdiñas (Secretaria, Profesora Titular de Universidade). Suplentes: Amparo Alonso Betanzos (Catedrática de Universidade), Brais Cancela Barizo (Profesor Titular de Universidade), Laura Morán Fernández (Profesora Axudante Doutora), tamén membros do equipo de investigación do proxecto.

Documentación que debe presentar o solicitante:

- Fotocopia do documento identidade.
- Fotocopia da titulación académica.
- Curriculum vitae.

*Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
pwNL37ETB8 / zEMIV4aZzbA==	Asinado	28/11/2024 12:13:45
Asinado Por	Páxina	1/4
Verónica Bolón Canedo		
Observacións		
Url De Verificación		https://sede.udc.gal/services/validation/pwNL37ETB8 / zEMIV4aZzbA==
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).



LUGAR DE PUBLICACIÓN DA RESOLUCIÓN: Taboleiro de anuncios da Sede electrónica da UDC.

En cumprimento do art. 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPD), e do art. 11 da Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais (LOPD), infórmase de que os datos persoais facilitados serán tratados pola Universidade da Coruña.

A finalidade do tratamento destes datos é a xestión do expediente do gasto indicado no presente documento. A base de lexitimación do tratamento sitúase no art. 6.1.b) e c) RXPD (execución dun contrato e obriga legal). Todas as persoas que entren en contacto cos datos cumprirán o deber de confidencialidade establecido no art. 5 LOPD. Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade, sen prexuízo da súa conservación en relación coa posible esixencia de responsabilidades legais.

Para o exercicio dos dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, portabilidade e limitación de tratamento pode consultarse www.udc.gal/gl/goberno/equipo_reitoral/secretaria/proteccion-de-datos.

A Coruña/Ferrol, de de
O/A INVESTIGADOR/A PRINCIPAL
Asdo.: Verónica Bolón Canedo

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
pwnL37ETB8/zEMiv4aZzbA==	Asinado	28/11/2024 12:13:45
Asinado Por	Páxina	2/4
Verónica Bolón Canedo		
Observacións		
Url De Verificación		https://sede.udc.gal/services/validation/pwnL37ETB8/zEMiv4aZzbA==
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).



MEMORIA DA CONVOCATORIA DE CONTRATACIÓN

Datos do proxecto

Denominación: Cátedra UDC-Inditex de Intelixencia Artificial en Algoritmos Verdes

Referencia: TSI-100925-2023-1

Investigadora principal: Verónica Bolón Canedo – veronica.bolon@udc.es

Tarefas a realizar

A persoa contratada realizará as tarefas de secretaría necesarias para a xestión económica e administrativa do día a día do proxecto. Isto inclúe actuar como punto de contacto entre o investigador principal e os asuntos económicos, negociados e outros servicios implicados na universidade; xestionar orzamentos e contabilidade, organizar viaxes académicas e compras de equipos, preparar informes, colaborar nas xustificacións, etc. O candidato seleccionado tamén administrará a promoción e divulgación do proxecto e da investigación levada a cabo polo equipo de investigación.

Xustificación da duración

Proponse unha duración do contrato de 11,5 meses (ata o remate da fase de subvención) cunha dedicación a tempo parcial.

Requisitos dos candidatos

Os candidatos deberán contar cunha titulación superior recoñecida en España (licenciado/a, graduado/a ou enxeñeiro/a).

Documentación que hai que presentar

As persoas interesadas deberán presentar unha solicitude en que se detallarán claramente os méritos en diferentes puntos seguindo o mesmo esquema e os conceptos indicados nos criterios de valoración. Os currículos presentados noutro formato distinto ao aquí especificado non serán valorados pola comisión de avaliación.

Deberán especificar na súa solicitude os méritos para cada criterio de avaliación, as tarefas realizadas en cada posto de traballo e a súa duración. A puntuación dos méritos recollidos nos criterios de avaliación están referidos a actividades desenvolvidas a tempo completo. En caso contrario deberá acreditarse a porcentaxe de tempo de dedicación ás tarefas asociadas ao criterio de valoración.

Non se considerarán os méritos que non se detallan en cada un dos criterios de avaliación.

Xunto coa solicitude deberase presentar copia dixital da documentación xustificativa de todos os méritos alegados. Aqueles méritos non xustificados na solicitude inicial non serán considerados. Na entrevista avaliaranse tanto as capacidades, aptitudes e perfil da persoa candidata como a súa coñecemento das tarefas específicas que se van realizar no posto de traballo.

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	Estado	Data e hora
pwNL37ETB8/zEMIV4aZzbA==	Asinado	28/11/2024 12:13:45
Asinado Por	Páxina	3/4
Verónica Bolón Canedo		
Observacións		
Uri De Verificación		https://sede.udc.gal/services/validation/pwNL37ETB8/zEMIV4aZzbA==
Normativa		Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).



Criterios e valoración de méritos

Valoraranse e puntuaranse os seguintes méritos (máximo 10 puntos):

A. Titulación universitaria no ámbito da administración e dirección de empresas, económicas, empresariais e afíns: ata 1 punto segundo o nivel de estudos (diplomatura, enxeñería técnica: 0,5 puntos; Licenciatura, enxeñería, grao: 0,75 puntos; Máster: 1 punto).

B. Experiencia laboral na xestión económica e administrativa de proxectos de investigación nacionais ou autonómicos: ata 1,5 puntos (ata 0,25 puntos por mes).

C. Experiencia laboral na xestión económica e administrativa de proxectos de investigación financiados con fondos europeos (Horizon Europe, Interreg, Next Generation,..): ata 1,5 puntos (ata 0,25 puntos por mes).

D. Experiencia laboral en xestión económica e administrativa noutros ámbitos: ata 1,5 puntos (ata 0,15 puntos por mes).

E. Habilidades informáticas (procesadores de texto, follas de cálculo, edición gráfica, xeramentas colaborativas na nube, edición de páxinas web, LaTeX, etc.): ata 1 punto (ata 0.5 puntos por curso de máis de 8 horas).

F. Formación en inglés: 1 punto. 0,2 puntos por nivel desde A2 ata C2.

G. Outras actividades de formación relacionadas co posto de traballo: 1 punto (ata 0.25 puntos por curso de máis de 8 horas).

H. Entrevista persoal: 1,5 puntos. Entrevista persoal aos tres candidatos máis valorados, sempre que a súa puntuación no resto de apartados diste menos dun 15% do candidato con maior puntuación.

En función do cumprimento dos requisitos e da valoración dos méritos, establecerase unha orde de prioridade dos candidatos. Será adxudicataria a persoa que obteña a puntuación máis alta. Co resto dos aspirantes e, respectando esta orde de prelación, segundo méritos, crearase unha lista de agarda, exclusivamente para este posto, que se utilizará para a contratación en caso de renuncia, cesamento ou baixa por incapacidade temporal da persoa seleccionada.

A puntuación mínima para acceder á lista de espera será de 3 puntos (excluíndo a puntuación obtida na entrevista).

Documentación que debe presentar o solicitante:

1. Fotocopia do documento identidade.
2. Fotocopia da titulación académica.
3. Curriculum vitae.

**Acordo sobre clasificación profesional, condicións de traballo e marco de referencia da representatividade laboral do persoal contratado con cargo a proxectos e convenios de I+D+I financiados a través do capítulo VI dos orzamentos da UDC. Asinado o 17/11/2014 entre a UDC e os sindicatos CCOO e CIG. Contratación condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.*

Código Seguro De Verificación	pwNL37ETB8/zEMiv4aZzbA==	Estado	Data e hora
Asinado Por	Verónica Bolón Canedo	Asinado	28/11/2024 12:13:45
Observacións		Páxina	4/4
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/pwNL37ETB8/zEMiv4aZzbA==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

